



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 29 DE XANEIRO DE 2009,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

- Decreto polo que se crean os centros de día de Alzheimer de Ferrol, Ourense e Pontevedra integrados na Rede Galega de Centros de Día de Atención Social para Persoas con Alzheimer e Outras Demencias Neurodexenerativas
- Decreto polo que se crea o Centro Sociocomunitario de Burela e o Centro Sociocomunitario Torrente Ballester da Coruña, ambos encadrados na tipoloxía de centro social

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se establece o currículo das ensinanzas de técnico deportivo e técnico deportivo superior en balonmán
- Decreto polo que se establece o currículo das ensinanzas de técnico deportivo e técnico deportivo superior en baloncesto
- Decreto polo que se establece o currículo das ensinanzas de técnico deportivo e técnico deportivo superior en atletismo

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Decreto polo que se crea a reserva autonómica de dereitos de plantación de viña na comunidade autónoma de Galicia



## **CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

- Decreto polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro *Ría de Cedeira*

## **ACORDOS**

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e o concello de Ferrol, para a construción dunha área de estacionamento de autobuses no referido concello

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a encomenda de xestión para o servizo de brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra incendios forestais

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA**

- Informe sobre os danos producidos polo temporal acaecido en Galicia os días 23 e 24 de xaneiro de 2009



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A CREACIÓN DOS CENTROS DE DÍA DE ALZHEÍMER DE FERROL, OURENSE E PONTEVEDRA

- *Estes centros, que contarán con 40 prazas cada un, integraranse na Rede Galega de Centros de Día de Atención Social para persoas con Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas*
- *Esta rede conta con 8 centros en Lugo, Viveiro, Santiago, Lalín, O Porriño, Moaña e dous en Vigo, que ofertan 264 prazas*
- *Esta oferta ascenderá a 14 centros con 500 prazas e 160 profesionais este ano, coa incorporación doutros 6 novos centros, os de Ferrol, Ourense e Pontevedra, cuxo decreto de creación se aprobou hoxe, e os de Ribeira, Ribadeo e Monforte*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto polo que se crean os centros de día de Alzheimer de Ferrol, Ourense e Pontevedra. Estes centros atópanse agora mesmo en construción e contarán con 40 prazas cada un. Están dirixidos non só aos coidados de carácter especializado dos propios enfermos, senón que serán tamén centros de apoio para os familiares e coidadores.

Os centros de Ferrol, Ourense e Pontevedra integraranse na Rede Galega de Centros de Día de Atención Social para persoas con Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas, que conta xa con 8 centros en marcha, en Lugo, Viveiro, Santiago, Lalín, O Porriño, Moaña e dous en Vigo. En total, estes oito centros ofertan o día de hoxe 264 prazas, unha oferta que ascenderá a 14 centros con 500 prazas e 160 profesionais de intervención este ano, coa incorporación doutros 6 novos centros, os de Ferrol, Ourense e Pontevedra, cuxo decreto de creación se aprobou hoxe, e os de Ribeira, Ribadeo e Monforte.

O investimento dedicado nesta lexislatura á posta en marcha da Rede Galega de Centros de Día de Atención Social aos Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias superou os 5 millóns de euros, e no 2009 vanse destinar outros 2,5 millóns en concepto de mantemento destes servizos.



## O GOBERNO GALEGO APROBA A CREACIÓN DO CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DE BURELA E DO TORRENTE BALLESTER DA CORUÑA

- *Quedarán integrados na Rede Galega de Centros Sociocomunitarios de Benestar, que na actualidade consta de 43 centros en toda Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto de creación do Centro Sociocomunitario de Burela e do Centro Sociocomunitario Torrente Ballester na Coruña. Ambos os centros quedarán integrados na Rede Galega de Centros Sociocomunitarios de Benestar, integrada na actualidade por 43 centros en toda Galicia. O Centro Sociocomunitario de Burela situarase na Rúa Rosalía de Castro, s/n, mentres que o Centro Sociocomunitario Torrente Ballester, sito na Rúa Nao Vitoria, nº 2.

Os dous novos centros pasan a quedar integrados na Rede Galega de Centros Sociocomunitarios de Benestar, unha rede composta na actualidade por 43 centros, como resultado da renovación dos 35 centros sociais e 8 fogares do maior de titularidade autonómica. Precisamente hai uns días constituíuse o Consello da Rede de Centros Sociocomunitarios de Benestar, que xunto cos consellos de persoas usuarias de cada centro e mais as asembleas xerais, son os novos órganos de participación con que se quere garantir que os usuarios teñan capacidade de decisión efectiva.

Preténdese homoxeneizar todos estes centros sociais e fogares do maior que ata agora existían na Rede Galega de Centros Sociocomunitarios, á cal se van ir incorporando novas instalacións como estas de Burela e da Coruña. Para lograr esta homoxeneización, na rede estase implantando progresivamente un catálogo de servizos, programas e actividades comúns, prestando especial atención aos programas formativos de prevención da dependencia. O obxectivo, entre outros, é dotar estes centros dunha oferta integral de servizos de proximidade e de propostas de envellecemento activo, converténdoo nunha peza fundamental do Sistema Galego de Benestar.



## O CONSELLO APROBA AS MEDIDAS URXENTES PARA A REPARACIÓN DOS DANOS CAUSADOS POLO TEMPORAL

- *Establécense axudas para cubrir danos persoais, en vivendas, en explotacións agrícolas, en establecementos comerciais e en infraestruturas municipais*
- *As subvencións desenvolveranse ao abeiro de ordes específicas de diferentes departamentos autonómicos, que serán publicadas nos próximos días no DOG*
- *O Centro de Información e Atención ao Cidadán 012 facilitará aos afectados polo temporal información sobre o contido deste decreto*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro. A súa concesión terá carácter subsidiario respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, de que poidan ser beneficiarios os afectados. Non obstante, cando estes sistemas non cubran a totalidade dos danos producidos, as indemnizacións previstas no texto concederanse con carácter complementario e serán compatibles en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos ata o límite do valor do dano producido.

Estas axudas desenvolveranse ao abeiro de ordes específicas de diferentes departamentos autonómicos, que serán publicadas nos próximos días no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderanse competentes para a concesión das subvencións:

- Para axudas por danos persoais, a Consellería de Economía e Facenda
- Para axudas por danos causados en vivendas e instalacións complementarias, a Consellería de Vivenda e Solo.
- Para axudas para reposición de infraestruturas e equipamentos privados, a Consellería do Medio Rural.
- Para axudas por danos e perdas nas explotacións agrícolas, gandeiras e forestais, a Consellería de Medio Rural.
- Para axudas para compensar os danos sufridos en establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís incluídos no seu ámbito competencial, a Consellería de Innovación e Industria.
- Para axudas para compensar os danos sufridos en establecementos comerciais, industriais, turísticos, mercantís e deportivos situados en instalacións portuarias de titularidade autonómica, o ente público Portos de Galicia.
- Para axudas ás entidades locais ou actuacións directas sobre os seus bens, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes; a Consellería de Innovación e Industria; a Consellería de Cultura e Deporte; e a Consellería do Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, no ámbito das súas respectivas competencias e funcións.



### **Axudas por danos persoais e en vivendas**

Segundo o decreto, as axudas por danos persoais concederanse por falecemento, por incapacidade absoluta permanente e por lesións provocadas polo temporal que causasen a hospitalización da persoa ferida. O seu importe será de 18.000 euros para o caso de falecemento e incapacidade permanente absoluta; e de entre 60 e 103 euros por día de hospitalización.

Así mesmo, serán obxecto de axuda os danos causados nas vivendas que sexan residencia permanente e habitual e nas súas instalacións complementarias, na parte non comprendida nas axudas que aproben outras administracións públicas. Cubrirase ata o 100% do valor de reparación do inmovible danado, sen que o importe da axuda poida superar o límite do 100% do prezo de venda dunha vivenda de promoción autonómica de prezo xeral na mesma localidade.

No que se refire aos danos causados no resto das vivendas e nas súas instalacións complementarias, recibiran subvencións ata acadar o 40% do valor da súa reparación e sen que o importe da axuda supere o 40% do prezo de venda dunha vivenda de protección autonómica na mesma localidade. As vivendas deberán dedicarse polo menos a vivenda ocasional, polo que quedan excluídas destas axudas as edificacións ruinosas e as que se atopen en manifesto abandono.

O texto do decreto especifica que se entenden por vivenda as construcións anexas e instalacións complementarias e elementos comúns no caso de comunidades de propietarios; mentres que as instalacións complementarias son as construcións e equipamentos de apoio á economía e vida familiar, como pozos, hórreos, alpendres, invernadoiros para autoconsumo, instalacións eléctricas e de iluminación, instalacións de telecomunicacións, etc. que estean situadas no mesmo predio da vivenda. O importe máximo por danos en instalacións complementarias non poderá ser superior a 3.000 euros.

Os beneficiarios destas axudas serán os propietarios, usufrutuarios ou arrendatarios dos bens referidos que sufragasen os gastos necesarios de reparación ou reposición.

### **Explotacións agrícolas e establecementos comerciais**

Doutra banda, recibirán indemnizacións polos danos causados polo temporal as explotacións agrícolas, gandeiras e forestais, tanto nas instalacións e edificacións propias da actividade como nas producións afectadas, que non fosen cubertas polas medidas que puidesen adoptar outras administracións ou por calquera fórmula de aseguramento, público ou privado.

Tamén serán obxecto de axuda os danos provocados nos establecementos comerciais, industriais, turísticos ou mercantís nas súas edificacións, instalacións,



maquinaria e nas mercadorías neles depositadas, así como nos vehículos comerciais ou industriais afectos a estas actividades. Só quedarán excluídas da percepción destas axudas as empresas de xeración, distribución e transporte de enerxía eléctrica.

### **Instalacións portuarias e entidades locais**

O decreto aprobado hoxe tamén fai referencia ás axudas para compensar os danos sufridos en establecementos comerciais, mercantís, industriais, turísticos e deportivos situados en instalacións portuarias de titularidade autonómica a consecuencia dos estragos ocasionados polo temporal nas súas edificacións, instalacións, equipamentos, maquinaria e nas mercadorías depositadas neles, así como nos seus vehículos comerciais ou industriais.

Así mesmo, o texto establece que serán obxecto de axuda ou de actuación directa sobre os bens afectados -segundo os casos- os danos provocados en infraestruturas locais non previstos nas axudas que para o efecto puidesen aprobar outras administracións, así como os gastos extraordinarios en que incorresen como consecuencia directa do fenómeno meteorolóxico.

Quedarán excluídas as infraestruturas de xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica. O Centro de Información e Atención ao Cidadán 012 facilitará aos afectados polo temporal información sobre o contido deste decreto.



## **APROBADOS OS CURRÍCULOS DE TÉCNICO DEPORTIVO E TÉCNICO DEPORTIVO SUPERIOR EN BALONCESTO, BALONMÁN E ATLETISMO**

- *As ensinanzas deportivas puxéronse en marcha por primeira vez en centros públicos no curso 2007-2008, e na actualidade impártense en 7 centros da comunidade galega e contan con 118 alumnos matriculados*

O Consello da Xunta vén de aprobar os decretos polos que se establecen os currículos das ensinanzas de técnico deportivo e técnico deportivo superior en baloncesto, balonmán e atletismo, e se regula o acceso a elas, así como os requisitos mínimos dos centros que as impartan.

Así, nos decretos establécese que a finalidade destas ensinanzas é garantir a competencia técnica e profesional en baloncesto, balonmán e atletismo, e unha madureza profesional motivadora de futuras aprendizaxes e adaptacións ao cambio das cualificacións. Do mesmo xeito, outro dos obxectivos é que o alumnado comprenda as características e a organización da súa modalidade deportiva, e coñeza os dereitos e obrigas que se derivan das súas funcións, e tamén que adquira os coñecementos e habilidades necesarias para desenvolver o seu labor en condicións de seguranza.

As ensinanzas estrutúranse nun bloque común composto por módulos transversais de carácter científico e técnico xeral, que son coincidentes e obrigatorios para todas as modalidades e especialidades deportivas. Ademais, o alumnado cursará un bloque específico que contén os módulos de formación deportiva de carácter científico e técnico propios de cada modalidade; e un bloque complementario que comprende os contidos que teñen por obxecto formativo o deporte adaptado, así como a atención aos aspectos tecnolóxicos e aqueles outros que desexe incorporar a Administración educativa.

O alumnado deberá realizar tamén un bloque de formación práctica, que se levará a cabo en institucións deportivas de titularidade pública ou entidades privadas, así como no marco de programas de intercambio internacional; e superar un proxecto final.

### **Requisitos de acceso**

En canto aos requisitos de acceso, para o primeiro nivel das ensinanzas de grao medio será necesario ter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria, ou equivalente para efectos académicos, e superar as probas de carácter específico establecidas. Para acceder ao grao superior será preciso ter o título de bacharel, e o título de técnico deportivo na modalidade correspondente. Ademais, será posible acceder a estas ensinanzas sen o título de graduado en ESO ou de bacharel, sempre





que o aspirante reúna os outros requisitos de carácter xeral e específico establecidos e, ademais, cumpra as condicións de idade e supere unha proba de acceso.

### **Ensinanzas novas**

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria puxo en marcha por primeira vez no curso 2007-2008 as ensinanzas deportivas en centros públicos da Comunidade galega, xa que ata entón só se impartían as modalidades de fútbol e fútbol sala en centros privados. Así, na actualidade sete centros educativos ofertan estas ensinanzas nas modalidades de fútbol, fútbol sala, baloncesto, atletismo e balonmán: o Instituto de Educación Secundaria (IES) *As Lagoas* de Ourense (fútbol sala), o IES *Bouza Brey* de Vilagarcía (baloncesto), o IES *Cruceiro Baleares* de Culleredo (fútbol), o IES *Nosa Señora dos Ollos Grandes* de Lugo (atletismo), o Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP) *Rodolfo Ucha Piñeiro* de Ferrol (baloncesto), o IES *Sánchez Cantón* de Pontevedra (fútbol e balonmán), e o IES *Río Cabe* de Monforte de Lemos (fútbol).

En total, este ano académico 2008-2009 cursan estas ensinanzas 118 alumnos, 19 na modalidade de fútbol sala, 59 na de fútbol, 25 na de baloncesto, 6 na de balonmán e na 9 atletismo.

A finalidade das normativas aprobadas hoxe é posibilitar a capacitación dos futuros técnicos e técnicos superiores en baloncesto, balonmán e atletismo, para o desenvolvemento das súas funcións, a través da adquisición e perfeccionamento das competencias profesionais propias da modalidade. Deste xeito, ponse o acento en conseguir unha formación completa, cun equilibrio entre o carácter teórico e práctico, de maneira que o proceso de formación se vincule á realidade científico-técnica e social destas ensinanzas.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA A CREACIÓN DA RESERVA DE DEREITOS DE PLANTACIÓN DE VIÑA EN GALICIA

- *A Reserva Galega de Dereitos de Plantación de Viña estará integrada, na súa maior parte, por aqueles non utilizados polos seus titulares nos prazos establecidos e polos xerados nas superficies de viña abandonada*
- *Estes dereitos serán repartidos entre os viticultores que o soliciten, segundo criterios de prioridade*
- *A reserva ten como finalidade mellorar a xestión do potencial vitícola, evitar a súa perda e fomentar o uso eficaz dos dereitos de plantación entre as persoas solicitantes, con prioridade para a mocidade e membros de cooperativas*
- *Asignaranse dereitos de plantación de viña procedentes da reserva a aquelas parcelas destinadas á produción de viños cunha denominación de orixe ou unha indicación xeográfica protexidas*

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza desta mañá o decreto de creación da reserva autonómica de dereitos de plantación de viña en Galicia. Os dereitos que pasarán a constituír a reserva son, na súa maior parte, aqueles non utilizados polos seus titulares nos prazos establecidos e os xerados nas superficies de viña abandonado, que serán repartidos entre os viticultores que o soliciten, segundo criterios de prioridade. Deste xeito, conseguirase mellorar a xestión do potencial vitícola e evitar a súa perda nun territorio determinado.

A Xunta xestionará todos os dereitos de plantación que integren a Reserva Galega, a través da consellería competente en materia de agricultura á cal corresponderá a elaboración e aplicación do desenvolvemento normativo correspondente.

A Reserva Galega de Dereitos de Plantación estará integrada polos dereitos de nova plantación, replantación e dereitos de plantación procedentes da reserva que non fosen utilizados nos prazos establecidos; os dereitos de plantación adquiridos pola Consellería competente, as persoas titulares; os dereitos de replantación xerados polas superficies en que se teña demostrado que non foron cultivadas nas tres últimas campañas e en que se teña acordado e formalizado a arrinca, logo de cursar comunicación ao seu titular. Ademais, entrarán tamén os dereitos de replantación que se poidan xerar en superficies afectadas por un proceso de concentración parcelaria ou expropiación, no suposto de que a persoa titular non obteña e formalice a correspondente autorización de arrinca, entre outros.

Unicamente se asignarán dereitos de plantación de viña procedentes da Reserva Galega a aquelas parcelas destinadas á produción de viños cunha denominación de orixe ou unha indicación xeográfica protexidas.



A asignación de dereitos de plantación de viña procedentes da Reserva Galega farase mediante convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva. Na asignación teranse en conta, entre outros, os criterios de prioridade para persoas agricultoras mozas, persoas agricultoras a título principal, mulleres, membros de cooperativas agrarias, viñas que vaian ser inscritas no rexistro de “producción integrada” e de “agricultura ecolóxica” a través do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, existencia de actuacións coordinadas de concentración parcelaria e plans colectivos de reestruturación e reconversión da viña e aqueloutros proxectos de produción agrícola en común.



## **A XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE CREA NA RÍA DE CEDEIRA A SEGUNDA RESERVA MARIÑA DE GALICIA**

- *Coa posta en marcha desta área protexida dáse continuidade á aposta do Goberno galego por este modelo de xestión iniciado coa Reserva Mariña de Lira e baseado no respecto ao ambiente, o desenvolvemento sustentable e o principio de corresponsabilidade sector-administración na explotación dos recursos*
- *A Consellería de Pesca está traballando en colaboración co sector para levar a cabo proxectos semellantes na ría de Viveiro, en augas exteriores de Cedeira, na localidade de Aguiño e en Camelle*
- *Esta iniciativa segue a liña dos obxectivos definidos polo Fondo Europeo da Pesca, tanto no que se refire á protección do ambiente e dos recursos naturais, como a promover o desenvolvemento sustentable e a mellora da calidade de vida nas poboacións pesqueiras*
- *Para constatar a evolución da reserva e asegurar o cumprimento dos obxectivos establecidos crearase un órgano de xestión, seguimento e control constituído por representantes da administración e do sector*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crea, en augas interiores da Comunidade Autónoma de Galicia, a Reserva Mariña de Interese Pesqueiro *Ría de Cedeira*, unha zona de especial interese para a preservación e rexeneración dos recursos mariños pola súa condición de área de reprodución, desova, cría ou engorda de especies pesqueiras ou marisqueiras. Neste eido cabe sinalar que para constatar a evolución desta área protexida e de asegurar o cumprimento dos obxectivos establecidos, se creará un órgano de xestión, seguimento e control.

Coa posta en marcha desta reserva, a segunda de Galicia, dáse continuidade á aposta do Goberno galego por este modelo de xestión, iniciado en 2007 coa Reserva Mariña de Lira e baseado no respecto ao ambiente, o desenvolvemento sustentable e o principio de corresponsabilidade sector-administración na explotación dos recursos.

Os fins perseguidos pola Consellería de Pesca e a Confraría de Pescadores de Cedeira coa creación da reserva son conservar e protexer a flora e a fauna mariñas e a súa diversidade; fomentar a sensibilización ambiental sobre o medio mariño; facilitar a rexeneración dos recursos; e impulsar a pesca artesanal e o marisqueo a través de medidas encamiñadas a acadar unhas actividades responsables e sustentables. Ademais, quérese favorecer a realización de estudos científicos sobre as distintas especies, así como medidas de protección e xestión das pesqueiras; divulgar os valores ambientais da costa galega; e posibilitar o desenvolvemento e aplicación de modelos de xestión coa participación dos profesionais do mar.



Esta iniciativa segue a liña dos obxectivos definidos polo Fondo Europeo da Pesca, tanto no que se refire á protección do ambiente e dos recursos naturais, como a promoción do desenvolvemento sostible e a mellora da calidade de vida nas poboacións pesqueiras. Deste xeito, a creación da reserva mariña *Ría de Cedeira* encádrase na filosofía de compatibilizar a protección das áreas xeográficas co manexo dos recursos da Unión Internacional para a Conservación da Natureza, así como co *Código de Conduta para unha pesca responsable* da FAO.

### **Áreas e actividades permitidas**

A área de interese pesqueiro da reserva mariña *Ría de Cedeira* recolle dúas zonas de especial protección (a ZEP I-Vilarrube e a ZEP II-Boca da ría) e a reserva integral de Esteiro.

As actividades permitidas dentro da reserva mariña e por fóra das zonas especiais son a pesca marítima profesional coas artes e aparellos tradicionalmente empregados na zona (anxois, nasas e enmalle); a recolla de ourizo, percebe, navalla e longueirón ou outros recursos específicos incluídos no plan de xestión integral que se porá en marcha; o marisqueo a pé e a recolla de algas; e a recolección de mexilla que só se poderá levar a cabo mediante acordo entre as confrarías de pescadores do ámbito da reserva e os concesionarios de bateas ou liñas de cultivo. Así mesmo, será posible facer mostraxes da flora e a fauna mariñas con fins científicos ou de seguimento da reserva; a pesca marítima de recreo en superficie; e o mergullo de lecer nas condicións regulamentariamente establecidas.

Pola súa banda, na reserva integral de Esteiro estarán prohibidas a pesca marítima, a extracción de fauna e flora e as actividades subacuáticas, coa excepción das actividades e toma de mostraxas autorizadas expresamente con fins científicos ou de seguimento. Ademais, na zona de especial protección (ZEP) I-Vilarrube poderase practicar a pesca con artes de enmalle nas modalidades tradicionalmente empregadas, mentres que na ZEP II-Boca da ría estará permitida a extracción de percebe e o mergullo de lecer. Nestas dúas áreas tamén será posible levar a cabo tomas de mostraxas con permiso.

As actividades pesqueiras e marisqueiras autorizadas dentro de cada unha das áreas da reserva mariña desenvolveranse no marco dun plan de xestión integral, no cal se recollerán as medidas específicas para cada unha delas. Este documento será aprobado pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños, tras o informe favorable do órgano de xestión, seguimento e control, e poderá estar vixente entre seis meses e tres anos. O prazo para dispor deste documento son, como máximo, 18 meses contados desde a entrada en vigor do decreto de creación da reserva.



O plan de xestión integral, que estará orientado a acadar unha explotación racional dos recursos, será elaborado polas entidades asociativas que representan aos profesionais do mar incluídos no censo de titulares con permiso para traballar na reserva e terá que ser presentado cunha anticipación mínima de tres meses ao vencemento do documento en vigor. Ademais, poderá ser aprobado de oficio pola administración cando non exista ningunha proposta.

### **Censo específico**

A pesca marítima profesional no ámbito da reserva será exercida por embarcacións de arqueo igual ou inferior a 1,5 GT, ben que esta limitación non será aplicada ás embarcacións habilitadas para a captura do percebe, que só poderán adicarse á extracción desta especie, nin ás despachadas con artes de anzol e autorizadas a capturar patexo para o seu emprego como cebo vivo. Aínda así, cabe a posibilidade de permitir a entrada de embarcacións cun arqueo superior temporalmente.

Ademais, para a realización de actividades pesqueiras e marisqueiras profesionais na reserva será preciso estar inscrito nun censo específico de titulares de permisos, mentres que para a pesca marítima de recreo e o mergullo de lecer será necesario dispoñer dos permisos xerais correspondentes. No caso das mostraxes de flora e fauna, haberá que contar cun permiso de acceso previo outorgado pola administración.

O censo para poder realizar actividades pesqueiras e marisqueiras profesionais será elaborado pola consellería competente en materia de pesca nun prazo máximo de 12 meses contados desde a entrada en vigor do decreto polo que se crea a reserva. Para inscribirse nel será precisa a solicitude do interesado, estar en posesión dos permisos que habilitan a persoa ou a embarcación para traballar no ámbito da reserva e ter o porto base en Galicia, no caso dos barcos.

Este rexistro actualizarase de acordo cos criterios de habitualidade na zona, as capturas realizadas na reserva e a concorrencia de causas de exclusión, coincidindo este proceso, preferentemente, coa aprobación do plan de xestión integral. Neste punto cabe indicar que mentres non se acorde a actualización do censo non será posible incluír novos titulares de permisos para exercer a actividade pesqueira e marisqueira.

Por outra banda, serán causas de exclusión do censo, ademais da propia actualización deste, o incumprimento da normativa de uso e xestión da reserva e a negativa á realización das tarefas de control levadas a cabo polo Servizo de Gardacostas de Galicia ou polo persoal de seguimento e control da reserva mariña *Ría de Cedeira*.



### **Órgano de xestión**

Co fin de constatar a evolución da reserva mariña e de asegurar o cumprimento dos obxectivos establecidos crearase un órgano de xestión, seguimento e control que estará constituído por oito membros, buscándose unha participación equilibrada entre homes e mulleres. Do número total de integrantes, tres serán en representación da consellería competente en materia de pesca; un, en representación do organismo autonómico encargado das cuestións de ambiente; e catro, por parte do sector (tres da Confraría de Pescadores de Cedeira e un designado pola Federación Galega de Confrarías).

Este órgano constituirase nun prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor do decreto de creación da reserva e terá entre as súas funcións a xestión desta área protexida, así como a supervisión e coordinación das actividades do persoal asignado ao seguimento e control dela.

Ademais, o órgano de xestión será o encargado de determinar a evolución e estado da reserva en canto ao cumprimento dos seus obxectivos pesqueiros e de conservación de flora e fauna, ao mesmo tempo que propondrá ou informará as propostas de modificación da normativa reguladora da reserva e das condicións de uso dos espazos para acadar un desenvolvemento sustentable da actividade.

Por outra banda, este organismo tamén será o responsable de emitir o correspondente informe para a elaboración e actualización do censo específico de titulares de permisos, propondrá ás autoridades limitacións á navegación e fondeo no ámbito da reserva e informar anualmente da situación desta área, así como de divulgar os seus valores pesqueiros e ambientais, para o cal poderá incentivar a realización de actividades de formación ou divulgación.

En canto á vixilancia, o Servizo de Gardacostas elaborará un plan anual en que se terán en conta as medidas específicas de control propostas polo órgano de xestión para asegurar o cumprimento dos obxectivos fixados coa creación da reserva mariña *Ría de Cedeira*.

### **Outras iniciativas**

A creación de reservas mariñas ao longo da costa galega atópase entre as principais actuacións a desenvolver para a Consellería de Pesca e, de feito, o departamento autonómico destina este ano unha partida de máis dun millón de euros a este tipo de proxectos. Así, desde a Administración pesqueira galega estase traballando co sector para poñer en marcha iniciativas similares á aprobada hoxe polo Consello da Xunta na ría de Viveiro, na localidade de Aguiño, en augas exteriores da ría de Cedeira, e en Camelle.




Ademais, boa proba da importancia que adquirirán estes espazos nos vindeiros anos á hora de aplicar unha explotación responsable dos recursos é o feito de que a nova Lei de pesca recolle as figuras das áreas mariñas protexidas, áreas de acondicionamento mariño, áreas de repoboación e as reservas mariñas.





ANEXO

DELIMITACIÓN DA RESERVA MARIÑA DE INTERESE PESQUEIRO RIA DE CEDEIRA





## O GOBERNO GALEGO DESTINA 300.000 EUROS Á CONSTRUCIÓN DUNHA ÁREA DE ESTACIONAMENTO DE AUTOBUSES EN FERROL

- *O espazo irá situado na praza de Galicia e facilitará que se concentren nun punto as chegadas e saídas dos vehículos e mellorar así as condicións de uso do transporte público*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Ferrol para a construción dunha área de estacionamento de autobuses. A CPTOPT investirá un total de 300.000 euros nesta actuación. A área de estacionamento que se construírá en Ferrol situarase na praza de Galicia, diante do edificio de Correos.

Segundo o convenio, a CPTOPT financia integramente a construción da área cos anteditos 300.000 euros. Igualmente, a Consellería será a encargada de redactar o proxecto e executar as obras. Pola súa banda, o Concello deberá pór á disposición da CPTOPT os terreos e permisos necesarios para realizar as obras e asumirá a explotación e mantemento da área de estacionamento unha vez que se rematen os traballos.

As áreas de estacionamento contribúen a mellorar as condicións de uso do transporte público por parte da cidadanía e a ordenar os tráfico dos autobuses ao concentrar nun único punto as chegadas e saídas dos vehículos.



## A XUNTA REALIZA A ENCOMENDA DE XESTIÓN PARA O REFORZO DE VERÁN DO SERVIZO DE BRIGADAS, VIXILANCIA E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS PARA O 2009

- *A empresa pública de Servizos Agrarios Galegos (Seaga) encargárase da xestión do servizo de brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a encomenda da Consellería do Medio Rural á empresa pública de Servizos Agrarios Galegos (Seaga) para a xestión do servizo de brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais para o ano 2009. Trátase do persoal de reforzo que actuará na época de máximo risco durante o verán.

O obxectivo desta encomenda é poñer en funcionamento un dispositivo que realice traballos ligados á prevención, vixilancia disuasoria e extinción de incendios forestais composto por brigadas de vixilancia móbil, brigadas de reforzo de verán e brigadas helitransportadas, así como outras categorías de persoal técnico de reforzo.

As brigadas localizaranse en todo o territorio de Galicia e, por necesidades da Subdirección Xeral de Defensa contra os Incendios Forestais, poderán desprazarse a calquera punto do país para realizaren labores de prevención e defensa contra incendios forestais.

O período de funcionamento das brigadas estenderase entre o 1 de xuño e o 30 de setembro. O despregamento será paulatino dependendo das condicións meteorolóxicas e das necesidades do servizo, cun tempo de tres meses de actividade para as brigadas móbiles e terrestres.

No inicio do dispositivo, os primeiros días estarán dedicados a completar a formación do persoal e o resto, incluíndo a totalidade dos días da semana, realizarán traballos de vixilancia, primeiro ataque e outras funcións que lles sexan encomendadas relacionadas coa prevención, a vixilancia e a extinción de incendios forestais.

As brigadas actuarán conforme o fixado nos protocolos de actuación aprobados pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais para a prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais. Nestas normas, establécese a cadea de mando e o procedemento operativo.